


## CÓMO PODO CERTIFICAR O MEU MONTE?

Os propietarios ou xestores forestais, poden certificarse de forma individual, agrupada ou baixo a modalidade rexional, que agrupa a todos os interesados dunha rexión. A certificación concédese tras un proceso de auditoría por unha terceira parte independente que asegura que a xestión dunha superficie forestal axústase aos requisitos establecidos nas normas españolas de **Xestión Forestal Sostible**.

En Galicia, pola tipoloxía de propiedade, as modalidades más adecuadas son a **agrupada** ou a **rexional**, polo que o propietario ou xestor forestal deberán adscribirse a unha entidade solicitante de grupo ou á Entidade Galega Solicitante da Certificación Forestal.



## CRITERIOS PEFC

- 1 - Mantemento e mellora adecuada dos recursos forestais e a súa contribución ao ciclo global do carbono.
- 2 - Mantemento e mellora da saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais.
- 3 - Mantemento e mellora das funcións produtivas dos montes (madeira e outros produtos forestais).
- 4 - Mantemento, conservación e mellora apropiada da diversidade biolóxica nos ecosistemas forestais.
- 5 - Mantemento e mellora apropiada da función protectora na xestión dos montes (principalmente solo e auga).
- 6 - Mantemento doutras funcións e condicións socioeconómicas.

**PEFC GALICIA**  
PROMOVENDO A XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE

Rúa Lope Gómez de Marzoa. FEUGA. D15  
15.705 Santiago de Compostela  
galicia@pefc.es Telf.: 981 523 736




Certificado PEFC

Impreso en papel que procede de bosques xestionados de forma sostible e fontes controladas

Financiado por:  
**XUNTA DE GALICIA** **XERA AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL**

# Pon en valor o teu monte

## APOSTA POLA SOSTIBILIDADE CERTIFICAÇÃO PEFC



**PEFC™**  
PEFC/14-44-00001

Galicia conta cunha superficie forestal arborada de máis de 1.400.000 hectáreas, representando o 48% do territorio. A **alta producción** de madeira, próxima ao 45% da producción nacional, converte a Galicia nunha das más importantes potencias forestais de Europa.

A **facturación** dos propietarios forestais galegos supera os 300 millóns de euros anuais entre produtos madeireiros e non madeireiros.

A contratación de servizos externos que realizan os propietarios e os xestores forestais dá **emprego** en Galicia, directo e indirecto, a un colectivo superior ás 15.000 persoas, formado por cuadrillas propias no monte, persoal técnico e administrativo das asociacións profesionais, viveiristas, consultoras de enxeñaría, empresas de traballos silvícolas, empresas de aproveitamentos forestais e transportistas especializados.

O 98% da **propiedade forestal** galega é de natureza privada, composta de preto de 3.000 comunidades de montes veciñais en man común que posúen máis de 700.000 hectáreas cunha superficie media de 250 hectáreas, e nos restantes 1,3 millóns de hectáreas a propiedade recae en máis de 675.000 familias galegas cuxa superficie media non é superior a 1-1,5 hectáreas espalladas en varias parcelas das cales o 80% ten unha superficie inferior a 0,5 hectáreas.



**PEFC** é unha organización independente sen ánimo de lucro que promove a xestión forestal sostible mediante a certificación dos bosques e dos produtos forestais. A certificación consta de dous procesos independentes pero enlazados:

**A certificación da Xestión Forestal Sostible**, que asegura que os bosques están xestionados de acordo a uns esixentes requisitos ambientais, sociais, económicos e éticos.

**A Certificación da Cadea de Custodia**, que permite a rastrexabilidade dos produtos forestais, desde a súa orixe ata o produto final.

A superficie forestal certificada en Galicia baixo o sistema PEFC supera as 163.000 hectáreas, sendo a quinta Comunidade, e ocupa o primeiro posto en canto a número de xestores e propietarios forestais comprometidos coa boa xestión e prácticas sostibles dos seus territorios con preto de 20.000 silvicultores activos certificados.

## UN MONTE CERTIFICADO PEFC

- é aquel cuxa xestión asegura a súa **produtividade** (madeira, resina, cortiza, cogumelos, esencias, etc.) a longo prazo.
- é un hábitat idóneo para a **biodiversidade**, con valores como a conservación dos solos, a regulación dos ciclos hidrolóxicos, a riqueza paisaxística e a fixación de CO<sub>2</sub>.
- contribúe á loita contra o cambio climático, pola súa capacidade para actuar como **sumidoiro de carbono**.
- promove a conservación e mellora das condicións **socioeconómicas e culturais** da contorna natural, posibilitando un **freo ao abandono do rural galego**.

## PEFC AXUDA A CUMPRIR COA LEXISLACIÓN

Segundo a disposición transitoria sexta da Lei 7/2012, o prazo para dotarse dun instrumento de ordenación ou de xestión forestal obligatorio e vixente remata o 8 de maio de 2020. Pasado este prazo sen aprobación, **non se autorizarán aproveitamentos forestais**.

Os montes non ordenados **non poderán percibir as axudas, subvencións ou beneficios fiscais** regulados pola normativa vixente en materia forestal. Establécense diferentes prazos.

**Un monte certificado PEFC xa conta cun instrumento de xestión no que se establece de forma planificada, ordenada e técnica unha xestión forestal sostible.**

